

## **SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO, S.A.**

### **CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL ORDINARIA DE ACCIONISTAS**

O Consello de Administración, na súa reunión do 24 de marzo de 2026, acordou convocar a Xunta Xeral de accionistas que, con carácter ordinario, celebrárase no domicilio social, sito na rúa Ourense, 6, 15701, Santiago de Compostela, o próximo 27 de maio de 2026, mércores, ás 10:00h, en primeira convocatoria e, se fose preciso, ao día seguinte no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria, de acordo co seguinte

#### **ORDE DO DÍA**

Primeiro. Exame e aprobación, se procede, das contas anuais e informe de xestión da Sociedade, correspondentes ao exercicio pechado o 31 de decembro de 2025, así como da xestión social.

Segundo. Exame e aprobación, se procede, da proposta de aplicación do resultado do exercicio 2025.

Terceiro. Asuntos varios.

Cuarto. Outorgamento de facultades.

Quinto. Aprobación da acta da reunión.

#### **ASISTENCIA POR VIDEOCONFERENCIA**

Los accionistas podrán, a su elección, asistir a la junta general por videoconferencia. Con la suficiente antelación, la Sociedad pondrá a disposición de todos los accionistas esta opción a través de la plataforma <https://www.webex.com/es>.

#### **DEREITO DE INFORMACIÓN**

Ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da xunta, os accionistas poderán solicitar dos administradores as informacións ou aclaracións que coiden precisas acerca



dos asuntos comprendidos na orde do día, ou formular por escrito as preguntas que consideren pertinentes, de conformidade co disposto no artigo 197 da Lei de sociedades de capital.

A partir da publicación do anuncio desta convocatoria de xunta xeral, os accionistas que o desexen teñen o dereito de examinar e obter no domicilio social, e o de solicitar a entrega ou envío inmediato e gratuíto do texto íntegro dos documentos e propostas que deben ser sometidos á aprobación da xunta, en relación con todos e cada un dos puntos da orde do día, así como, en particular, as preceptivas contas anuais, proposta de aplicación do resultado, informe de xestión e dos auditores de contas, de acordo co establecido no artigo 272 da Lei de sociedades de capital.

### **COMPLEMENTO DA CONVOCATORIA**

De conformidade co artigo 172 da Lei de sociedades de capital, os accionistas que representen, polo menos, o cinco por cento (5%) do capital social, poderán solicitar que se publique un complemento a esta convocatoria incluíndo un ou máis puntos na orde do día. O exercicio deste dereito deberase facer mediante notificación que faga fe, que se deberá recibir no domicilio social, dentro dos cinco días seguintes á publicación desta convocatoria.

### **DEREITO DE REPRESENTACIÓN**

Os accionistas que non asistan persoalmente á xunta xeral poderanse facer representar nela por medio doutra persoa, cumprindo os requisitos e formalidades esixidas polos estatutos sociais e a Lei de sociedades de capital.

En Santiago de Compostela, o 24 de abril de 2026.  
A presidenta do consello de administración.

